

Sentinela plantabosques

Ramsés Pérez



Gaio collendo castañas no alto dun castiñeiro · Ramsés Pérez

As plantas teñen multitude de estratexias para dispersar as súas sementes. Cando empregan como aliado o vento para espallaren os propágulos, estamos a falar de anemocoria. Cando usan a auga para tal fin fálase de hidrocoria, e cando utilizan animais para diseminárense coñécese como zoocoria. Este método é o que emprega a especie invasora garrapatón (*Bidens frondosa*), cuxa semente ten dous extremos como cravos que se pegan ao pelo do raposo ou ao pantalón dun humano. Cando o axente que dispersa as sementes son as aves, falamos de ornitocoria, e abrangue varias estratexias. Un dos mellores exemplos de coevolución entre especies de reinos diferentes é a fermosa simbiose entre os gaios e os carballos.

A pega marza, gaio do monte ou pega rebordá, aliméntase de landras, feito moi beneficioso para as árbores do xénero *Quercus*. O máis pequeno, colorido e, seguramente o máis discreto dos nosos córvidos, é omnívoro, porén, a metade da súa alimentación son froitos dos bosque (landras, avelás, noces, etc.), aínda que ten preferencia polos froitos dos carballos, aciñeiras e sobreiras. Na primavera consome tamén insectos, ovos doutras aves ou micromamíferos, pero na dieta invernal o 90% son os froitos dos carballos.

A súa intelixencia de córvido levounos, nas datas de abundancia, a colleren landras e agoachalas para consumilas con posterioridade. Os gaios posúen unha bolsa baixo o peteiro que lles permite almacenar as landras. Poden carrexar de catro a sete sementes, e estímase que realizan uns trece transportes por hora ou uns cincuenta ao día. E tan eficientes son na súa tarefa que, cando as viaxes son curtas, levan apenas dúas ou tres

landras, pero se os desprazamentos son longos, a bolsa irá chea.

Para que non lleas rouben, empregan diferentes métodos de ocultación. O máis habitual é enterrándoas a 1 ou 3 cm baixo a capa de terra ou musgo. Carrexan as landras entre distancias que van duns poucos metros a dous quilómetros, cunha media de 300 metros. Os gaios son quen de memorizaren milleiros de agochos e visítalos regularmente, e mesmo poden mudalos de lugar.

Segundo diversos estudos, dispersan cada outono unhas 5.000 landras, das cales aproximadamente a metade non comen e quedan no monte. Desa metade, o 14% por cento son consumidas por outros animais como roedores ou xabaríns. Outros estudos estiman que 2.000 mil millóns de landras son sementadas polos gaios cada ano, das que xerminarán uns 350 millóns de árbores anuais, que traducido a hectáreas serían unhas 116.000. O "beneficio ecosistémico" que supón este servizo de plantación anual de carballos por gaios tradúcese en 1.000 millóns de euros, uns 3.500 € por parella. Pensemos, logo dos lumes deste verán, cal pode ser o papel desta especie á hora de reforestar hectáreas de monte queimado.

O nome científico da nosa ave, do latín *Garrulus glandarius*, fai referencia a un ser falangeiro e produtor de landras. A súa voz é interpretada polo resto das aves coma unha alarma que as alerta contra a presenza humana, tal unha sentinela. Cando vaiamos paseando polo bosque e os escoitemos, saberemos que o córvido plantador de carballos anda preto, traballando, sempre, en favor da vida.